

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 10 horas do día 31 de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA EN APOIO DOS DAMNIFICADOS POLO TEMPORAL DE VENTO, E INSTANDO Á COMPENSACIÓN DOS DANOS PRODUCIDOS.-

Polo Sr. Alcalde Presidente dáse conta á Corporación da Proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“*JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-*

Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte

PROPOSICION:

EN APOIO DOS DAMNIFICADOS POLO TEMPORAL DE VENTO E INSTANDO Á COMPENSACIÓN DOS DANOS PRODUCIDOS

Que se fundamenta na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos da Mariña lucense constituíron entre os días 23, 24 e 25 de xaneiro de 2009 o epicentro dun temporal de enormes dimensións que ocasionou unha multitude de danos.

Ventos que se aproximaron aos 200 quilómetros por hora devastaron vivendas, vehículos, instalacións e todo tipo de infraestruturas. A caída de árbores, de sinais, de material de construción, de mobiliario público e o desprendemento de pezas de fachadas, forman parte dunha multitude de incidencias que, cuantificadas dun xeito preliminar, arrojan un resultado tremendamente negativo.

Os devanditos imprevistos víronse agudizados polo feito de que o subministro eléctrico e telefónico –tanto da rede móbil como da rede fixa estivo interrompido-. O corte destes servizos afectou á totalidade dos concellos das bisbarras mariñas e prolongouse por máis de 48 horas en gran parte do territorio, o que veu a multiplicar o reconto de perdas.

Xunto a todo iso, deben terse en conta os importantes danos rexistrados nunha multitude de infraestruturas de interese xeral, vías de comunicación e edificacións de uso e servizo público nos

que urxe a inmediata reparación. Tamén deberan computarse os múltiples gastos nos que incorreron as distintas administracións locais co obxecto de paliar e superar as diversas situacións de emerxencia de natureza catastrófica que aconteceron.

Ao amplo balance de danos materiais- sen precedentes na historia recente de Galicia- engádeselle finalmente tráxicas consecuencias ltuosas. Todo iso despois de ter constancia do falecemento de varias persoas que perderon a súa vida por causas diversas relacionadas de xeito directo ou indirecto co temporal.

Contabilízase tamén decenas de persoas feridas, moitas delas traballadoras e traballadores do servizo de emerxencia, que desenvolveron unha actividade exemplar e abnegada no transcurso dos tres días de maior virulencia o temporal. Ao longo destas xornadas deron boa mostra do seu compromiso de servizo público, o que merece o correspondente recoñecemento e agradecemento do conxunto da sociedade civil.

Por outra banda, cabe salientar que a normativa actual, ademais de establecer accións preventivas ante este tipo de incidencias, regulamenta as actuacións que se deben desenvolver a posteriori co obxecto de garantir a protección e socorro das persoas e dos bens afectados por situación de índole catastrófica.

Neste marco protector reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas paliativas e outros mecanismos dirixidos a compensar as situacións de necesidade na que se poden atopar familias, colectivos, empresas e institucións que están a sufrir as consecuencias dos feitos que desencadearon a situación de emerxencia.

Para a realización de canto antecede, en cada exercicio, os Orzamentos Xerais do Estado e os da Comunidade Autónoma galega veñen consignando determinados créditos. Ao mesmo tempo, existen precedentes de axudas directas, que deben basearse nos principios de celeridade e eficacia, coas que a Xunta busca compensar os innumerables danos provocados dun xeito inmediato.

A natureza dos danos producidos, así como o temporal de vento que desencadeou a situación descrita implica, con alto grado de probabilidade, que as indemnizacións sobre aqueles bens asegurados correrá a cargo do consorcio de compensación de seguros. Malia confianza que ofrece este instrumento, o cerio é que cabe esperar que as distintas administracións poidan implicarse na tarefa de evitar o retraso no aboamento final das indemnizacións, así como tamén, no obxecto de superar as dificultades derivadas dos complexos requisitos burocráticos e procedimentais que este tipo de reclamacións implican.

En definitiva, é necesario promover un forte compromiso das distintas administracións públicas – de xeito especial á Xunta de Galicia e ao Goberno central- para contribuír a superar as graves consecuencias

deste temporal. Como consecuencia de todo isto, están a verse afectadas de forma máis que evidente as condicións de vida das persoas que residen nos distintos concellos da Mariña lucense, así como tamén, a situación actual leva un prexuízo máis que evidente que se engade á xa de por si delicada situación económica destas bisbarras, que non son alleas ao contexto xeral de crise.

Considerando os motivos expostos, no uso das atribucións que me están conferidas na vixente normativa de réxime local, propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

- *PRIMEIRO.- Solicitar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central que aproben unha partida orzamentaria extraordinaria para compensar de xeito inmediato os innumerables danos que causou o temporal de vento na Mariña lucense, así como tamén os gastos nos que incorreron as administracións locais co obxecto de paliar as situacións de emerxencia que se produciron.*
- *SEGUNDO.- Solicitar ao Goberno central que promova un acordo do Consello de Ministros polo que se declare como zona catastrófica o conxunto dos concellos da Mariña lucense, de tal xeito que as persoas, entidades e concellos que se viron damnificados por esta situación de calamidade pública reciban as axudas económicas correspondentes para paliar os danos rexistrados nos seus bens.*
- *TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia habilite os medios técnicos e humanos correspondentes, a título individual ou en concorrencia con outras administracións, para facilitar e colaborar en todos os procedementos de reclamación extraxudicial polos danos e prexuízos ocasionados polo temporal.*
- *CUARTO.- Que a Xunta de Galicia elabore un cronograma de actuacións, con prazos e datas determinadas, para que os distintos concellos afectados dean conta das valoracións de danos producidos, así como tamén poña a disposición destas entidades locais afectadas os medios técnicos necesarios para colaborar nos procesos de cuantificación de perdas.*
- *QUINTO.- Dar traslado do presente acordo, ao Presidente da Xunta de Galicia e do Goberno de España, así como tamén ao conxunto dos Grupos políticos integrantes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais.*

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime pertinente.”

Polo Sr. Alcalde explicase brevemente o contido da Proposta transcrita, salientando, en relación coa petición de zona catastrófica, que máis alo das palabras concretas que se utilizen, do que se trata é de acadar-lo compromiso do Estado no financiamento das medidas a adoptar en colaboración coa Xunta e coas administracións locais afectadas, para paliar-los danos ocasionados a concellos e particulares polo temporal da pasada semana.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai respalda-la proposta de Alcaldía por considera-la xusta e razoable; engadindo, que na opinión do seu grupo, é necesario deixar constancia da grave falla de responsabilidade da empresa BEGASA, xa que debido a súa falla de inversións no mantemento e mellora das liñas, e á inexistencia total de planes de emerxencia determinou en gran medida que os danos provocados por causas naturais aumentarán significativamente ata o punto que hoxe mesmo, unha semana despois do temporal, aínda non se restableceu o servizo.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez sinalando que, con ser un problema menos urxente que o restablecemento do subministro de enerxía eléctrica, non se debe esquecer que hai outros servizos que tamén é necesario restablecer como poden ser a telefonía e o sinal de televisión.

Polo Sr. Alcalde manifestase que esta de acordo coas peticións do Sr. Pernas Rodríguez, sinalando que, respecto do sinal de TV, que esta a fallar nalgunhas zonas como A Vara, elo é debido ó feito de que algúns reemisores funcionan con enerxía eléctrica e están fora da cobertura dos xeneradores instalados por BEGASA.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que é necesario que o Concello recabe e ofrezca ós veciños afectados a máxima información posible polo estado de funcionamento dos servizos públicos (luz, telefonía, Televisión, estradas, traídas de augas, etc...), e sobre as liñas de axuda que sexan aprobadas pola Xunta de Galicia.

Engade o Sr. Fernández Bouza que a actuación da empresa BEGASA esta a ser dunha ineficacia intolerable, co agravante de que dita empresa rexeitou a oferta de medios persoais e materiais, realizada pola Consellería de medio Rural para facilita-los traballos de reparación das liñas.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o Concello xa habilitou unha Oficina de atención ós veciños na que se facilitará toda a información da que se dispón e na que unha vez publicadas as Ordes correspondentes por parte das distintas Consellerías, se asesorará e axudará ós veciños na tramitación das solicitudes de axudas.

Sinala igualmente o Sr. Alcalde, que BEGASA non só rexeitou a axuda ofrecida pola Consellería de Medio Rural senón que tamén rexeitou a axuda ofrecida dende o Concello, co argumento de que dispoñía dos medios suficientes para facer fronte a esta crisis.

Polo Sr. Fernández Bouza, respecto da proposta de Alcaldía de solicitar a declaración de zona catastrófica, considerase que se trata dunha iniciativa en desuso e que ante catástrofes naturais acontecidas nos últimos anos, Gobernos dunha ou outra cor, optaron pola aprobación de “ reais decretos “ de axudas específicos para cada caso.

Neste sentido, o xoves 29 de xaneiro, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un “ decreto urxente demedidas extraordinarias “, onde destaca, por exemplo, os catro millóns de euros destinados a actuacións no rural.

Engade o Sr. Fernández Bouza que polas razóns expostas, incidir na solicitude de zona catastrófica para os municipios afectados, constitúe un debate nominalista arredor dunha fórmula administrativa anacrónica, que carece de cobertura legal específica, e que esta en desuso por presentar múltiples problemas na concreción práctica das medidas reparadoras, entre os que se poden citar:

A incidencia negativa que tiña a solicitude de indemnizacións dos danos ás compañías aseguradoras coas que os afectados tiñan concertadas pólizas de seguros, ao aparecer como non suxeitos á cobertura das mesmas os danos producidos por un suposto de forza maior, imposible de prever e inevitábel, que era o que tradicionalmente se asociaba á declaración de zona catastrófica.

Os efectos negativos que, en materia de promoción turística, producía a declaración de zona catastrófica nos municipios afectados.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que máis que entrar en debates nominalistas que pouco ou nada poden aportar á reparación dos danos sufridos, débese solicitar do Goberno do Estado que acompañe o esforzo realizado pola Xunta de Galiza para paliar as consecuencias do temporal, deseñando medidas que complementen esta iniciativa e sexan de acorde ás necesidades reais dos municipios afectados, contribuindo, polo tanto á reparación total dos danos.

Polo Sr. Alcalde sinalase que é certo que a Xunta ten aprobado o Decreto 29/2009, do 29 de xaneiro, pero non é menos certo que ese Decreto non é operativo ata que as distintas Consellerías, nada menos que sete, aproben as súas respectivas Ordes.

Respecto deste asunto o Sr. Alcalde considera que na súa opinión sería moito máis eficaz centralizar tódalas solicitudes de axudas en un único procedemento a través de unha soa solicitude

por damnificado que obrigar a este a tramitar unha solicitude distinta por cada clase de dano sofrido.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que o Real Decreto 207/2005, de 18 de marzo, modificado polo Real Decreto 477/2007, de 13 de abril, de cobertura legal das subvencións estatais ante situacións catastróficas esta plenamente vixente, non obstante reitera que os termos concretos que se utilicen non é o importante, xa que do que se trata e de que o Goberno Central, Goberno Autonómico e Entidades Locais afectadas, colaboren para paliar los danos ocasionados polo temporal.

Rematado o debate o Concello Pleno cos votos favorables dos Srs. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage; e coa abstención dos Srs. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-la Proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

2º) DESIGNACIÓN POR SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS O PARLAMENTO DE GALICIA DO VINDEIRO 1 DE MARZO DE 2009. (ART. 26 DA LEI ORGÁNICA 5/85 DE 19 DE XUÑO).

En cumprimento do disposto no Art. 26 da L.O.R.E.G., procedeuse a realiza-lo sorteo para designación dos membros da mesas electorais para as eleccións a Eleccións o Parlamento de Galicia do vindeiro 1 de marzo de 2009, co resultado que a seguir se transcribe:

CENTRO SOCIAL DE TOIMIL .- DISTRITO: 02 SECCION: 001 MESA:B

Titulares :

Presidente: MANUEL MENDEZ GALDO con D.N.I.:33999596F

1º Vocal: JOSE RAMON VAZQUEZ MEITIN-CASAS con D.N.I.:33999635T

2º Vocal: JUAN CARLOS RODRIGUEZ FERNANDEZ con D.N.I.:77592872A

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): MARCOS GIRON REGO con D.N.I.:33996922R

Presidente (2º Suplente): BEATRIZ REGO GARCIA con D.N.I.:34636309B

1º Vocal (1º Suplente): LORENA RIVAS REGO con D.N.I.:33997470C

1º Vocal (2º Suplente): JUAN LUIS RODRIGUEZ MARTINEZ con D.N.I.:77597190C

2º Vocal (1º Suplente): JOSE PABLO COCIÑA SOTO con D.N.I.:77591653A

2º Vocal (2º Suplente): MARIA PURIFICACION VIDAL DIAZ con D.N.I.:76563155L

CENTRO CIVICO DE XOVE.- DISTRITO: 01 SECCION: 001 MESA:A

Titulares :

Presidente: ESTEFANIA ESCOBAR RODRIGUEZ con D.N.I.:34880143E

1º Vocal: YOLANDA LOPEZ LOPEZ con D.N.I.:33994312J

2º Vocal: GUADALUPE MASEDA VAZQUEZ con D.N.I.:77596430L

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): ANA MARIA ALEMPARTE GONZALEZ con D.N.I.:77593924C

Presidente (2º Suplente): MIGUEL ANGEL FRA FRA con D.N.I.:77597611G

1º Vocal (1º Suplente): GUILLERMO LOPEZ GUERREIRO con D.N.I.:34638643E

1º Vocal (2º Suplente): JOSE IRAVEDRA LOPEZ con D.N.I.:77593867D

2º Vocal (1º Suplente): CAROLINA LOUZAO VILASA con D.N.I.:34636570L

2º Vocal (2º Suplente): DIEGO BERMUDEZ BERMUDEZ con D.N.I.:34637625Q

ANTIGUA ESCUELA VILACHÁ.- DISTRITO: 02 SECCION: 001 MESA:A

Titulares :

Presidente: MARIA INMACULADA RIVAS INSUA con D.N.I.:33994623W

1º Vocal: MARIA AMAVILIA VAZQUEZ DIAZ con D.N.I.:33302427Z

2º Vocal: ANTONIO RAPA PITA con D.N.I.:33997897X

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): ANA BARRERA DE LA VILA con D.N.I.:33349322N

Presidente (2º Suplente): INES RAMOS CASAS con D.N.I.:34637114B

1º Vocal (1º Suplente): GINES BEN SANCHEZ con D.N.I.:33993573X

1º Vocal (2º Suplente): ANGELA PIEDAD RIVAS BEN con D.N.I.:76564005H

2º Vocal (1º Suplente): JOSE CASTRO CORBAL con D.N.I.:77595337F

2º Vocal (2º Suplente): SANTIAGO DOMINGUEZ COCIÑA con D.N.I.:77596738M

AGRUPACION ESCOLAR GULPILLEIRAS.- DISTRITO: 01 SECCION: 002 MESA:U**Titulares :**

Presidente: SAGRARIO CASTRO ALVAREZ con D.N.I.:33844926N

1º Vocal: SANTIAGO ITURIZA ROLLE con D.N.I.:01922326D

2º Vocal: NATALIA FRA FERNANDEZ con D.N.I.:77595130F

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): BRAIS FERNANDEZ PRIETO con D.N.I.:33998105B

Presidente (2º Suplente): RAMON FRANCISC EIJO BALSEIRO con D.N.I.:33991492E

1º Vocal (1º Suplente): CESAREO RAMOS DIAZ con D.N.I.:33995461N

1º Vocal (2º Suplente): LORENA NOGUEROL FERNANDEZ con D.N.I.:34635145C

2º Vocal (1º Suplente): CRISTINA FERNANDEZ MEITIN con D.N.I.:77596843H

2º Vocal (2º Suplente): VANESA GOMEZ GONZALEZ con D.N.I.:51987055V

AGRUPACION ESCOLAR DE XOVE.- DISTRITO: 01 SECCION: 001 MESA:B**Titulares :**

Presidente: NATALIA FERNANDEZ ALVAREZ con D.N.I.:77593929W

1º Vocal: MARIA FLORENTINA GARCIA CASTRO con D.N.I.:77594577Y

2º Vocal: ANGEL RODRIGUEZ OTERO con D.N.I.:77597195W

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): MONTSERRAT RODRIGUEZ CAMPO con D.N.I.:34635959Y

Presidente (2º Suplente): JOSE FRANCISCO REY URRUTIA con D.N.I.:76564428G

1º Vocal (1º Suplente): MANUEL ROBERTO PERNAS PEREZ con D.N.I.:76569417W

1º Vocal (2º Suplente): EVA MARTINEZ BALTAR con D.N.I.:77597614F

2º Vocal (1º Suplente): JOSE PERFECTO LAMELAS EIJO con D.N.I.:77591720R

2º Vocal (2º Suplente): MARIA CONCEPCION ABAD VILAR con D.N.I.:76564090B

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo